

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 18/10/2024**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
SUPLENTE	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D ^a . Belén Cachafeiro Anta
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Ana Laura Iglesias González
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez, en substitución de D. Carlos Gómez Prado
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e oito minutos do día dezaioito de outubro do ano dous mil vinte e catro, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024063060)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: BCW7R3V44WCKC97C), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte de setembro do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DA PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE PARA TRAMITACIÓN DAS ADENDAS PRÓRROGAS E MODIFICACIÓNS QUE AFECTA AO PSTD CONDADO-PARADANTA “UNHA TERRA ENTRE RÍOS” (EXPTE.: 2021047846)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE PARA TRAMITACIÓN DAS ADENDAS PRÓRROGAS E MODIFICACIÓNS QUE AFECTA AO PSTD CONDADO-PARADANTA “UNHA TERRA ENTRE RÍOS” (EXPTE.: 2021047846)

Dáse conta á Comisión Informativa Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente da RP nº 2024007752, do 4 de outubro de 2024 da presentación da solicitude para tramitación das addendas, prorroas e modificacións que afectan ao PSTD Condado Paradanta “unha terra entre rios”.

Con data 19 de setembro de 2024 tivo lugar unha xornada técnica sobre os “Planes de Sostenibilidade Turística en Destino”, na Cidade da Cultura (Santiago de Compostela), co obxectivo de dar a coñecer os mecanismos de execución dos Plans territoriais da comunidade autónoma de Galicia (2021, 2022 e 2023) as entidades locais e institucións responsables, co fin de mellorar o seu coñecemento, así como atender dúbidas sobre a execución dos plans.

Con data 26 de setembro a axencia de Turismo de Galicia remitiu mail indicando que tendo en conta a xornada mencionada anteriormente acordouse facer as addendas xuntas, as de modificación do fito, os cambios que fosen aprobados e a prórroga. Solicitando as entidades



beneficiarias que para continuar o tramite se remita por sede electrónica antes do 4 de outubro a seguinte documentación:

- *Solicitud de prórroga, ata o 31 de maio de 2026, motivada (razóns que impediron poder executar en prazo).*
- *O cadro orzamentario de actuacións definitivo, con todas as modificacións aprobadas, reaxuste de anualidades...*
- *Outra documentación necesaria para a sinatura da addenda:*
 - *Certificado de estar ao día en non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria Estatal*
 - *Certificado de estar ao día en non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia*
 - *Certificado de estar ao día en non ter débedas pendentes coa Seguridade Social*
 - *Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións do artigo 10 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia*
 - *Declaración responsable de que cumpren co deber de remisión das contas anuais ao Consello de Contas (no caso das EE.LL).*

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2022 adoptou o acordo 6.7832 ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E COMPROMISOS DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO: 92210005 – CONDADO PARADANTA, UNA TIERRA ENTRE RIOS” (EXPTE. 2021047846), polo tanto a tramitación de dita prórroga e posible modificación debe aprobarse polo Pleno da Corporación.

Dado que no prazo que a Axencia Turismo de Galicia require a documentación resulta imposible incluír dita aprobación tanto na Comisión Informativa como no Pleno da Corporación, remitiuse a información solicitada mediante RP nº 2024007752, do 4 de outubro de 2024 con CSV AY7ZU8XMEECNAEN6, na que se inclúe a obriga de dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre dos acordos adoptados mediante esta Resolución Presidencial.

Exposta a urxencia debidamente motivada dáse conta á Comisión na súa primeira sesión dende a aprobación da Resolución Presidencial.

Asinado dixitalmente ao marxe

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica



Asdo.: Ruth González Reyes

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e once minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

(documento asinado electronicamente)

Marcos Areán González

